

Da reunión da Mesa Delegada destacamos os seguintes puntos:

Creación dun grupo de traballo para abordar os temas da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA): A Axencia, despois das reiteradas reivindicacións da CIG nas diferentes reunións da Mesa Delegada e en diferentes escritos que presentamos, propón a creación deste grupo para negociar os temas específicos como acción social, formación...

Esta proposta é aprobada por unanimidade.

Provisión de postos e concursos de traslados: A CIG transmitiu a súa queixa porque non se nos deu información sobre as prazas a incluír no concurso xeral convocado o pasado 26 de maio. En Galicia só se convocou unha praza na Xefatura Provincial de Telecomunicacións da Coruña.

Trasladamos a nosa protesta porque o último concurso específico foi convocado no 2023. O subdirector xeral informou de que en breve nos pasarán a información sobre o próximo concurso onde se incluírán os postos vacantes de persoal técnico da Inspección de Telecomunicacións.

Expuxemos a nosa posición contra as bases da convocatoria para selección de persoal laboral fixo, fora de convenio, na AESIA. Xa informamos da nosa postura nunha nota específica.

Produtividade: hai que lamentar que este ministerio sexa o máis opaco de todos na xestión do complemento de produtividade. A pesar de que a Lei 30/84, o Consejo de Transparencia e os xulgados recoñecen o dereito a coñecer a distribución do complemento de produtividade, o ministerio négase ata que lle obrigue o Tribunal Supremo, cando dite sentenza nunha das denuncias que existen sobre este tema.

Privatización do servizo na Inspección de Telecomunicacións: O Ministerio vai contratar cunha empresa (está en proceso de licitación) o servizo de apoio para a medición, control e supervisión do espectro radioelétrico.

A CIG denuncia a actuación da Administración que primeiro non cubre os postos vacantes e despois, aducindo que non teñen persoal, contratan con empresas privadas para que fagan o traballo que debería ter feito o persoal da Administración. É dicir, non hai cartos para dotar á Administracións dos efectivos necesarios pero si para darllos ás empresas privadas por facer ese traballo.

Acción social e formación na AESIA: a Axencia informa de que se está tramitando unha modificación orzamentaria para dotar de crédito á Axencia para abordar os gastos de formación e acción social deste ano. En canto teñan o orzamento negociaran coa representación sindical os plans de acción social e formación.

Acción social 2025 do Ministerio: aprobouse o Plan de Acción Social co voto en contra da CIG. O Plan é similar ao do ano pasado pero o orzamento é ridículo. Aínda non se recuperou o recorte do ano 2011 e tampouco se incrementou o crédito na mesma proporción que se incrementa o persoal. Isto tradúcese en menos cartos para máis persoas.